

REPÚBLICA MUSICAL



**IN ROCK
WE TRUST**

MARDI GRAS

#CORUNAREPUBLICAMUSICAL

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2022



INTRODUCCIÓN

La Asociación Cultural República Musical Mardi Gras foi fundada en plena pandemia do Covid19. O 4 de xullo de 2020.

Cun crecemento moi rápido do número de persoas que se asociaron para colaborar co proxecto que, nun momento inicial, estaba pensado para axudar ás salas de concertos da Coruña a poder seguir vivas unha vez que pasase o peche obrigatorio no que se atopaban.

En 2021 puideron realizarse un bo número de actividades xa a través da asociación: concertos, Masterclasses... E voltou a Covid nos últimos días do ano, obrigando de novo a pechar ás salas de concertos. E así comezou tamén o 2022, cun mes de xaneiro cheo de restriccións.

Todo o que estaba a suceder era novo para a sociedade na que vivimos e a asociacións ía aprendendo sobre a marcha a cómo funcionar a través de videoconferencias, intentos de crear Coordinadoras que funcionasen pero con xente que non se coñecía entre si... A verdade é que as dificultades estaban presentes no día a día da asociación e a falta de traxectoria previa dificultaba que todo funcionase como nos gustaría.

Moitas persoas socias non renovou a súa cuota anual. Algunha por falta de recursos, outra por despiste e, seguramente, outra porque consideraba que non podería disfrutar das actividades ou que xa non tiña sentido seguir aportando ao proxecto.

A continuación faremos un repaso completo das actividades realizadas en 2022 porque a asociación segue a xerar interacción entre as persoas socias e tentando cumprir os seus obxectivos. Conscientes de que se pode facer moito máis pero tamén valorando o realizado e con gañas de seguir medrando.

Como dato para rematar esta introducción sinalaremos que o último socio en sumarse en 2021 foi o número 539 e rematamos o 2022 no número **577**. Polo tanto, sumamos 38 novas persoas á asociación, unha cifra que dexesamos seguir incrementando en 2023.

ÍNDICE DE ACTIVIDADES REALIZADAS EN 2022

1. Fallo do 1º Concurso de Fotografía de concertos co mobil
2. Celebración primeira Asemblea de socias e socios presencial
3. Captación de persoas socias
4. Xornada de Convivencia no Faro de Oza. 26 de Maio.
5. Asistencia a dúas estreas de películas musicais no cine.
6. Convocatoria 2º Concurso de relatos breves
7. Convocatoria 2º Concurso de fotografías de concertos
8. Mantemento Fondo de Anticipos Republicanos F.A.R.
9. Organización de Concertos
10. Colaboración con concertos organizados por soci@s
11. Participación na Feira #DiscosdoNoroeste
12. Organización de autobús ao concerto de MUSE en Vigo
13. Organización da Feira da Música Coruñesa no Garufa Club
14. Actividades formativas. MasterClasses.
15. Xestión de Redes sociais e Grupos de difusión, pegatinas...
16. Adquisición de "backline" para concertos e eventos
17. A República nos Medios de comunicación

FALLO DO 1º CONCURSO DE FOTOGRAFÍAS DE CONCERTOS CO TELÉFONO MOBIL

En 2021 convocouse o Primeiro concurso de Fotografías de concertos sacadas coa cámara do teléfono mobil.

A idea é que todo o mundo poda participar e amosar a súa creatividade. Recibíronse un total de 82 fotografías. O xurado estivo composto por dúas persoas responsables de salas de concertos: Yolanda Villa (Sala Mardi Gras) e Cristina Toba (Bâbâ Bar, tristemente pechada), dous fotógrafos: Moncho Fuentes e Pablo Mella e un representante da Xunta Directiva, o secretario, Alberto de la Fuente.

Resultaron gañadoras estas dúas fotografías:



Foto de Daniel Alí Caruncho - categoría de persoas socias

Foto de setembro de 2012 de The Hives no Rock In Way, Santiago de Compostela

Premio de 250 euros

Na categoría de persoas non socias a gañadora foi Victoria Martínez Leston.

A imaxe foi captada nun concerto de Think Inside Me en Madrid o 6 de abril de 2019.

O premio é de 150 euros



Celebración primeira Asemblea de socias e socios presencial

O 5 de abril de 2022 celebrouse a primeira Asemblea de Socias e socios presencial da historia da asociación.

As dificultades derivadas da pandemia do Covid provocaran que a Asemblea Ordinaria de 2021 fose por videoconferencia.

A asemblea foi celebrada no Salón de Actos da Fundación ONCE no Cantón Grande número 3.

A asistencia foi escasa. Debemos considerar fórmulas que fagan máis atractiva a convocatoria ou buscar un día en fin de semana e non pola semana en días nos que resulta máis complicado deixar a un lado as obrigas diarias para asistir.

Esta foi a convocatoria realizada:

CONVOCATORIA DA ASAMBLEA XERAL DA ASOCIACIÓN CULTURAL REPÚBLICA MUSICAL MARDI GRAS

De acordo co previsto no art. 19 dos Estatutos da Asociación Cultural República Musical Mardi Gras, en calidade de presidente da Asociación convoco a Asamblea xeral ordinaria cos seguintes datos:

- Primeira convocatoria

Data: 5 de abril de 2022.

Hora inicio: 19:30 h.

Hora fin: 20:30

Lugar: salón de actos da Fundación ONCE, rúa Cantón Grande 3.

- Segunda convocatoria

Data: 5 de abril de 2022.

Hora inicio: 19:45 h.

Hora fin: 20:45

Lugar: salón de actos da Fundación ONCE, rúa Cantón Grande 3.

- Orde do día

1.- Aprobación da acta da Asemblea xeral ordinaria do 13 de maio de 2021.

2.- Exame do informe sobre a memoria de actividades do 2021 e, no seu caso, aprobación da xestión efectuada pola Xunta directiva.

3.- Exame e, no seu caso, aprobación das contas anuais correspondentes ao exercicio 2021.

4.- Exame e, no seu caso, aprobación do plan de actuacións e do orzamento para o ano 2022

5.- Exame e, no seu caso, aprobación do importe da cuota social para o ano 2023.

6.- Exame e, no seu caso, aprobación do réxime de bonificacións da cuota social para o ano 2022.

7.- Peticións e preguntas.

Achégase con esta convocatoria a documentación necesaria para o seguimento dos distintos puntos da orde do día.

Como dato a ter en conta, o Orzamento de Ingresos e de gastos estaba equilibrado e foi aprobado por un total de 23.311,19 euros. Unha cifra alta para unha asociación con menos de 2 anos de vida no momento da súa aprobación.

Para ter unha cifra coa que comparar, en 2021 a cifra total de gastos da asociación fora de 15.414,61 euros.



Imaxe da asemblea celebrada o 5 de abril de 2022.

Na esquerda o secretario Alberto de la Fuente, no centro o presidente Antonino García, e na dereita Tomi Legido Coordinador xeral de actividades.

CAPTACIÓN DE PERSOAS SOCIAS

Ao longo do ano tentouse continuar incrementando o número de persoas socias da República. As actividades planificadas teñen como un dos seus obxectivos lograr que as persoas socias animen ás súas amizades e familiares a sumarse á asociación.

Unha das medidas máis directas foi aprobada na citada Asemblea. Toda persoa menor de 31 anos so debe pagar 10 euros ao ano para ser socia, incluso queda eliminada a cuota de inscrición para elas.

A través de redes sociais e de cartaces impresos, coa colaboración da Deputación da Coruña, logrouse captar un total de 38 persoas novas socias durante o ano 2022. Varias delas menores de 31 anos, nalgúns casos recibiron o carnet como agasallo por parte de persoas que xa eran socias.

A continuación compartimos algunhas das varias imaxes creadas para esa campaña continua de captación de novas socias.

**SE A MÚSICA É IMPORTANTE NA TÚA VIDA...
SÚMATE Á REPÚBLICA MARDI GRAS**



SUBVENCIONA




Deputación
DA CORUÑA

+INFO: ACREPUBLICAMARDIGRAS@GMAIL.COM



Súmate á República!!!
Menores de 31 anos, cota 10€.





SÚMATE

**Á REPÚBLICA
ROCKEIRA**

ASÓCIATE

A.C. REPÚBLICA MARDI GRAS

CONVERTINDO ROCKEIROS DENDE A PRIMEIRA SESIÓN

SUBVENCIONA



**Deputación
DA CORUÑA**

Xornada de Convivencia no Faro de Oza. 26 de Maio.

O día 26 de maio a Asociación solicitou o uso do Espazo Cidadán do Faro de Oza para ofrecer a posibilidade ás persoas socias de coñecerse, compartir ideas, propostas e ir xerando confianza para futuros proxectos..

Asistiron sete persoas, o que se pode considerar unha cifra baixa tendo en conta o número de persoas asociadas á República.



Imaxe con algunhas das persoas asistentes coa praia de Oza ao fondo.

Durante as dúas horas de conversa foron xurdindo algunhas propostas que si foron unha realidade antes de finalizar o 2022 e outras que aínda non se realizaron pero si que están entre as posibles accións a levar a cabo pola República no futuro.


O Espazo cidadán do Faro de Oza é un recurso que posiblemente podería utilizarse con frecuencia para actividades, xa que é de uso totalmente gratuito para calquera persoa física ou xurídica que teña o seu domicilio na cidade da Coruña.



Asistencia a dúas estreas de películas musicais no cine

Unha das propostas de máis éxito do 2022 foi a convocatoria para asistir a dúas películas musicais de estrea.

A primeira delas foi ELVIS.



Convocáronse dous pases en domingo (17 de xullo) e luns (18 de xullo) para a Versión Orixinal Subtitulada ao Español, a película ELVIS nos cines Yelmo de Los Rosales.

A asistencia foi de 26 persoas o domingo e 24 o luns. En total 50 persoas, entre socias e convidadas de socias. Para uns a asistencia era gratuita e para os segundos con prezo reducido.



Asistentes á primeira sesión de Elvis



Asistentes á segunda sesión de Elvis

A segunda película elexida foi o documental sobre David Bowie titulado "Moonage Daydream".

A asistencia foi novamente espectacular, máis aínda nesta segunda ocasión. Foron os días 16 e 17 de outubro.

Neste caso a proxección era nos Cines de Los Cantones.



Imaxe das personas asistentes á primeira sesión. Dimos un aplauso a Jaime Portobello xa que Bowie era un dos seus artistas favoritos.

Na seguinte páxina vemos unha fotografía das persoas que asistiron a proxección o luns.

É evidente que este tipo de actividade ten unha alta demanda. Continuaremos con este tipo de propostas sempre que haxa proxeccións relacionadas coa música con unha calidade boa. Ademáis xeramos negocio para os cines locais.



Convocatoria 2º Concurso de relatos breves

Tras o éxito da primeira edición, a República Musical Mardi Gras decidiu convocar unha segunda edición o Concurso de Relatos breves.

A convocatoria non tivo unha grande acollida nesta ocasión. É posible que fallase o sistema de promoción a través de redes e envío a medios.

Estaba dispoñible na nosa páxina web.

<https://acrepublikamardigras.gal/bases-ii-concurso-relatos-breves-republica-musical-mardi-gras/>

O fallo do concurso está previsto para o primeiro trimestre de 2023, polo que haberá máis información sobre a resolución do mesmo na Memoria de actividades de 2023, onde se compartirán os dous relatos gañadores.

Os premios son de 250 euros na categoría de persoas socias e 150 na de non socias.

Convocatoria 2º Concurso de fotografías de concertos con teléfono mobil

Nesta mesma memoria puidemos ver as imaxes gañadoras do primeiro concurso de fotografía de concertos con teléfono mobil.

A República convocou a segunda edición. Tamén esta pendente a resolución deste concurso. Será na primeiro trimestre de 2023 cando se coñezan as imaxes premiadas.

A convocatoria estaba dispoñible tamén na nosa páxina web.

<https://acrepublikamardigras.gal/bases-ii-concurso-fotografia-de-conciertos-con-telefono-movil/>

Os premios son de 250 euros na categoría de persoas socias e 150 na de non socias.

No momento de realizarse esta memoria está pechado o prazo para ambos concursos.

Mantemento Fondo de Anticipos Republicanos F.A.R.

A Asociación ten entre os seus obxectivos o de axudar a músicas e músicos profesionais a poder continuar a súa carreira musical.

En 2021 púxose en marcha unha iniciativa denominada *F.A.R. Fondo de Anticipos Republicanos*.

Consiste en dotar un fondo económico composto por donativos a fondo perdido, préstamos recuperables de persoas socias e aportacións de dous tipos dos fondos da asociación: os ingresos polas vendas do CD editado con 20 temas de bandas locais (1030 euros) e unha aportación do fondo xeral da asociación de 1000 euros. O obxectivo do fondo é poñer a disposición das persoas socias que sexan músicos profesionais a posibilidade de solicitar unha cantidade en momentos de dificultades económicas para afrontar algún pago urxente, co compromiso de devolvelo en canto teña fondos para facelo.

Existe un regulamento de uso do F.A.R. dispoñible na páxina web da asociación.

<https://acrepublikamardigras.gal/documentacion/>

O fondo comezou o ano 2022 cunha cifa que ascendía a 6.130 euros. Tras solicitar a devolución da súa aportación varias persoas, o Fondo remata o ano 2022 cunha cifra de 5.380 euros.

Debido a que polo de agora non está sendo solicitado o seu uso, considérase unha cantidade suficiente, aínda que isto pode ser modificado se así o considera a Asemblea da asociación cando sexa convocada.

O importante é que un fondo como este sexa unha opción que poda salvar situacións non dexasadas que provoquen un impago que a súa vez poda ter consecuencias negativas na vida dalgún artista.

Organización de Concertos

Como non podía ser doutro xeito, a asociación exerce como organizadora directa de concertos ou tamén une as súas forzas a bandas, empresas promotoras, salas... para que a música en directo siga sendo unha realidade.

Nos seguintes dous apartados, repasaremos os múltiples concertos nos que a República Musical Mardi Gras tivo participación ao longo de 2022, sexa na figura de organizador ou promotor directo, ou simplemente aportando fondos a cambio de avantaxes para as persoas asociadas.

Estes foron os concertos organizados directamente e en exclusiva pola asociación.

A banda EXIT é a banda residente na Sala Mardi Gras dende 2009. O seu concerto do día 27 de maio foi o primeiro que organizamos en exclusiva no ano 2022, aunque que como veremos no seguinte apartado houbo varios eventos antes que contaron coa colaboración da nosa asociación.




Exit nunca defraudan en directo.



PRESENTA EXIT

Venres 27 maio, 22:30 apertura 23:00 concerto
Reservas: entradasmardigras@gmail.com



PATROCINA



**Deputación
DA CORUÑA**

The Soul Jacket. Novembro 2022. Dentro dos actos do XXIII Aniversario da Sala Mardi Gras.



#CoruñaRepúblicaMusical

Mardigras
LIVE MUSIC

THE SOUL JACKET

Sábado 19 novembro. 22:30 portas 23:00 concerto. +info: salamardigras.com

ORGANIZA SUBVENCIONA



Deputación
DA CORUÑA



Imaxe promocional do concerto, que contou coa colaboración da Deputación da Coruña a través dunha subvención para actividades que concedeu á nosa asociación.

Durante o mes de decembro celebráronse catro concertos, en tres noites de música en directo dentro do ciclo #CoruñaRepúblicaMusical subvencionado polo Concello da Coruña a través do convenio asinado para colaborar coas nosas actividades. Tres deles foron na Sala Mardi Gras e un no Jazz Filloa. Estas foron as imaxes promocionais e algunhas pertencentes aos concertos celebrados.



#CoruñaRepúblicaMusical

EJAZZ

Jazz Filloa. Xoves 1 decembro, pases 22 e 23 h.

Entrada 10€ Soci@s República Mardi Gras 5€

Reservas: jazzfilloa@jazzfilloa.com



ORGANIZA

COLABORA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

O mítico local Jazz Filloa cumpría en decembro de 2022 o seu 42 cumpleaños. Alí comezou o ciclo subvencionado polo concello.



O ciclo #CoruñaRepúblicaMusical contou tamén co debut en directo da banda Bad Whiskey, acompañada no escenario de Mardi Gras polo trío de blues tradicional Marian Ledesma & Tinaquero Brothers.

A asistencia aproximada aos concertos foi a seguinte:

The Soul Jacket 110 persoas

The Muppets 84 persoas

Ejazz 40 personas en dous pases

Bad Whiskey + Marian Ledesma & Tinaquero Brothers 106 persoas

Children Of The Sün (Suecia) 26 persoas

#CoruñaRepúblicaMusical

**MARIAN LEDESMA &
LOS TINAQUERO BROTHERS**

BANDA CONVIDADA
BAD WHISKEY

SALA MARDI GRAS

Luns 5 decembro, 22:00 h. Entrada 8€ anticipada 10 Taquilla
Soci@s 5€ Reservas en entradasmardigras@gmail.com



ORGANIZA SUBVENCIONA

A asistencia ao último concerto do ciclo subvencionado polo concello, non o último do ano, sorprendeu aos propios artistas. Unha gran noite co blues e o blues rock como protagonistas.



Bad Whiskey



Marian Ledesma & Tinaquero Brothers

#CoruñaRepúblicaMusical

SALA MARDI GRAS

CHILDREN OF THE SÜN

DINAMARCA- SIXTIES

Venres 16 decembro. 22:30 apertura 23:00 concerto
Anticipada 10€ entradium.com, Taquilla 12 Soci@s República 8€



ORGANIZA



SUBVENCIONA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Dimos tamén unha oportunidade á unha banda sueca composta por artistas de entre os 21 e os 24 anos na súa primeira xira por España. Children Of the Sün.



Espectacular a voz da vocalista de Children of the Sün, banda inspirada pola música dos anos 60.

Colaboración con concertos organizados por soci@s

A nosa asociación ten a convicción de que colaborando en múltiples actividades organizadas por terceiras persoas, entidades ou empresas pode multiplicar o que significa a súa aportación económica.

Existen diversas fórmulas para esa aportación. Dende o pago unha cantidade fixada en asemblea para axudar a socias e socios músicos nas presentacións de discos ou nos concertos que organizan na cidade, ata o pago do importe do aluguer da sala onde se celebra un evento a cambio dun desconto para as persoas socias no prezo da entrada, e tamén aportando para eventos benéficos sen agardar unha contraprestación.

Tamén coa fórmula de patrocinio de eventos de calidade que se celebran na cidade e arredores, sempre que partan de persoas que son socias, sexa de xeito directo ou a través dos proxectos nos que participan directamente actuando ou sendo organizadores.

A continuación veremos imaxes dos múltiples eventos de música en directo nos que colaborou a República Musical Mardi Gras ao longo de 2022.

CONCIERTO 2500
GARBAYO

Mardi Gras
LIVE MUSIC



SUPERFUZZ

Sala Mardi Gras, 4 de marzo, 22:00.

Colabora: **MARDI** REPUBLICA MUSICAL
GRAS

Entradas:
Anticipada 8 euros, Taquilla 10 euros.

Rockbox

entradas
COMPAÑIA TUTTOMUSICA
ENTRADAS.COM

Este concerto tivo que ser suspendido no último momento por covid dun compoñente de Garbayo. Foi substituído por un concerto gratuito.

MardiGras
LIVE MUSIC

¡Concierto 2500!

**JAVIER INSUA
BAND**

Versiones de
Stones, Beatles,
Clapton,...

**VIERNES 4
MARZO
23:00H**

ENTRADA LIBRE

Colabora: **MARDI GRAS** REPUBLICA MUSICAL

Tamén colaboramos coa protectora Gatuchinhos, financiando a sala para o seu evento de humor feminino o día 12 de marzo.

Un concerto especial no que colaborou a República foi o da banda de Estados Unidos, cunha longa traxectoria, foi o de Supersuckers. Chegaban en abril de 2022 á Coruña, un evento que se planificou con moitísima antelación e que era difícil de prever no seu día cal sería o aforo da Sala Mardi Gras nese momento. A banda deixou unha imaxe potente para a historia da nosa República co seu logotipo.

12 de Marzo

12:30 Sala Mardigras

Entrada solidaria

5€



Actuan:

Izquierdo Sisters


Isa Suárez

Ángela Triana

Presenta:

Diana Sieira








Supersuckers no camerino da Sala Mardi Gras co logo da República

Mardigras
LIVE
MUSIC

EXIT



COLABORA



Sábado 16 abril. 22:30 apertura 23:00 concierto. Entrada 8€.
Soci@s República 6€. Reservas en entradasmardigras@gmail.com



Colaboración coa presentación do disco da socia Leticia Rey en Garufa club

ROBERT JON - & - THE WRECK

Mardi Gras
LIVE
MUSIC




SOUTHERN ROCK FROM CALIFORNIA

**VIERNES 10 JUNIO, 22:00 APERTURA, 22:30 CONCIERTO. TAQUILLA 18€
ANTICIPADA 15 € EN ENTRADIUM.COM, ROCK BOX Y CREEDENCE ROCK
SOCI@S REPÚBLICA 12€, RESERVAS ENTRADASMARDIGRAS@GMAIL.COM**

COLABORA



A banda norteamericana Robert Jon & The Wreck ofrece un directo absolutamente espectacular para os fans do Rock.



Martigras
LIVE
MUSIC

EXIT

COLABORA



Viernes 17 junio. 22:30 apertura 23:00 concierto
Entrada 8 euros / Socios República 5€

TEENAGE HEAD MUSIC PROUDLY PRESENTS



COLABORAN




MIÉRCOLES 2 NOVIEMBRE. 21:15 APERTURA 21:45 TAQUILLA

ENTRADA 12€ , SOCI@S REPUBLICA 9€

ANTICIPADA EN ENTRADIUM Y SALAMARDIGRAS.COM

NOTA: SI ASISTES TAMBIÉN A THE COMMONERS EL 10 DE NOVIEMBRE
TE DEVOLVEMOS 4 EUROS ESE DÍA EN TAQUILLA. DEBES DECIRLO AL LLEGAR.

TEENAGE HEAD MUSIO PROUDLY PRESENTS



JUEVES 10 NOVIEMBRE, 21:15 APERTURA 21:45 TAQUILLA
ENTRADA 12€ , SOCI@S REPUBLICA 9€
ANTICIPADA EN ENTRADIUM Y SALAMARDIGRAS.COM
NOTA: SI ASISTES TAMBIÉN A JIVE MOTHER MARY EL 2 DE NOVIEMBRE
TE DEVOLVEMOS 4 EUROS DÍA EN TAQUILLA.

COLABORAN



Mardi Gras
LIVE
MUSIC

BART DAVENPORT

U.S.A. - TOUR ACÚSTICO

COLABORA



DOMINGO 13 NOVIEMBRE
20:00 APERTURA



Xoel López sumouse a Bart Davenport para tres cancións no concerto de Mardi Gras.

A nosa colaboración coa Sala Mardi Gras tamén é visible en cada cartaz mensual coa súa programación.

Mardigras
LIVE MUSIC
FESTIVAL

ANIVERSARIO 23 1999 2022 MARDIGRAS

MIÉRCOLES 2 JIVE MOTHER MARY (U.S.A. / SOUTHERN ROCK)
VIERNES 4 THE EXPLODING BOYS - TRIBUTO THE CURE
- DEPECHE MODE - JOY DIVISION - NEW ORDER
SÁBADO 5 HFMN CREW PRESENTA: BOOZE AND GLORY
(U.K. POLONIA / PUNK)
MIÉRCOLES 9 THE MEANIES (AUSTRALIA / PUNK ROCK)
JUEVES 10 THE COMMONERS (CANADA / ROCK & SOUL)
VIERNES 11 KMC PRESENTA: LA PALOMA
SÁBADO 12 WHISKY CARAVAN + MAR DE FONDO
DOMINGO 13 BART DAVENPORT (U.S.A. POP ACÚSTICO)
VIERNES 18 SANFORD MUSIC FACTORY
PROGRAMACIÓN DISKE DISCO
SÁBADO 19 REPÚBLICA MARDI GRAS PRESENTA: THE SOUL JACKET
JUEVES 24 HFMN CREW PRESENTA:
CLOWNS (AUSTRALIA / PUNK ROCK) + ARTISTA INVITADO
VIERNES 25 GPS PRESENTA: COMANDANTE TWIN
SÁBADO 26 ANGEL MIGUEL & THE TRAVELERS
(ASTURIAS / COUNTRY BLUES ROCK)
DOMINGO 27 JC SMITH BAND (U.S.A. / BLUES)

DICIEMBRE
JUEVES 1 WETSOCKS (A CORUÑA / ROCK)
VIERNES 2 ACCIÓN POR TODOS: ROCKERS GO TO HELL + LOS MECÁNICOS
SÁBADO 3 CONCIERTO BENÉFICO CASCO COMITÉ ANTISIDA
LUNES 5 #CORUÑA REPÚBLICA MUSICAL: EXIT RETURNS!!
MARTES 6 THE QUIREBOYS (U.K. / HARD ROCK)

+ INFO: SALAMARDIGRAS.COM

S+N
Estrella Galicia 0,0

Estrella Galicia

QUAM-ROCK

MARDI GRAS

WETSOCKS

OUTRAS COLABORACIÓNS CON COLECTIVOS, ASOCIACIÓNS, CICLOS

A República sumouse tamén ao ciclo de actividades Acción por todos a beneficio do Banco de Alimentos Rías Altas, participando no dobre concerto de Mardi Gras no que actuaron Rockers Go To Hell e Los Mecánicos. Asistieron 120 persoas.

O ciclo foi desenrolado en múltiples locais da cidade e recaudou miles de euros para a causa.

acción X tod@s

acción x tod@s es un espacio de acción directa donde recaudamos dinero para los más desfavorecidos, en nuestro caso para el BANCO DE ALIMENTOS RÍAS ALTAS. los dos primeros años se han recaudado las cantidades de 5000 y 9000 EUROS este año actuamos con los eventos que organizaremos y HABRÁ MÁS PENDIENTES DE CONFIRMACIÓN. **IMPORTANTE** los precios de entradas son mínimos y se admitirán donativos EN TAQUILLA.

NOVIembre 2022

JUEVES DÍA 3 -- **garufa** --- BEA A DE ESTRELLA + LUIS MORO + CÉSAR DE CENTI + NANDO DEIBE + MAMEN BAZARRA + FER RUIZ --- 21:30 h --- 10€

viernes día 11 --- **puticlú** --- sesión DJ --- GROBAS + ELEKTRÓGENA + MINIFUNDISTAS ----- 23:00 h ----- 10€

domingo día 13 --- **cervecería malte atochas** --- sesión DJ --- STONER + GOLUBOFF + COPITROPICAL ----- 13:00 h ----- 10€

viernes día 25 ----- **bristol bar** ----- JUAN ZELADA ----- 21:00 h ----- 10€

DICIembre 2022

viernes día 2 --- **mardi gras** --- ROCKERS GO TO HELL + LOS MECÁNICOS ----- 21:30 h ----- 10€

sábado día 3 --- **bristol bar** --- ASTROGIRL ----- 21:00 h ----- 10€

viernes día 16 --- **jazz filloa** --- PABLO REGA --- 21:45 h y 23:00 h --- 10€

sábado día 17 --- **barbería** --- CHICHARRÓN ----- 19:00 h ----- 10€

del 14 al 23 subasta de **PINTURA Y ESCULTURA** en "el garcía" calle san roque 18

del 14 al 23 subasta de **FOTOGRAFÍA** en "el universal" calle estrecha de san andres 1

accionxtodos@gmail.com

Ao día seguinte da actuación de Acción por todos, celebrouse outro evento benéfico no que colaboramos, a beneficio de CASCO, Comité Antisida da Coruña.

SSONIDARIZARTE

FESTIVAL SOLIDARIO A FAVOR DE CASCO, COMITÉ ANTISIDA DE A CORUÑA. 2ª EDICIÓN

Presentado por
BIBI ANDER GRAUN



PLANETA
FUGAZ



ARRIEIRO
&
CHAMINHO



FINAL
ACT

3 DE DICIEMBRE DE 2022, 22 HORAS
SALA MARDI GRAS, A CORUÑA

ENTRADA: 5€ SIN CONSUMICIÓN

ORGANIZA



COLABORACIÓN CO V CICLO METROPOLITANO POLAS ARTES E A MÚSICA ELAS SON ARTISTAS.

Outra das apostas da asociación foi a colaboración co ciclo Elas Son Artistas, no que as mulleres artistas, varias delas socias da República, son as protagonistas en diversas disciplinas artísticas. Celébrate en 9 municipios diferentes, ademáis de tres salas da cidade da Coruña e outros espazos municipais como o Teatro Colón, o Centro Ágora, a Praza de Azcárraga. Compartimos so algúns dos 18 eventos celebrados, en todos podíase ver o logotipo coa Colaboración da República.

AIDA SACO BEIROA

PIANISTA E COMPOSITORA

JAZZ FILLOA. MÉRCORES 20 DE XULLO. PASES 22 E 23 H. 10€.
RESERVAS EN JAZZFILLOA@JAZZFILLOA.COM

V 2022 **ELAS SON ARTISTAS**

COLABORA
 Ayuntamiento de A Coruña
Concelle da Coruña

PATROCINAN
   

COLABORAN
    

V CICLO METROPOLITANO
DE MÚSICA E ARTES
POLA IGUALDADE

2022

ELAS
SON
ARTISTAS

ANA CURRA

40 ANIVERSARIO DE EL ACTO

GARUFA CLUB. SÁBADO 29 OUTUBRO. 22:00 APERTURA 22:30 CONCERTO
ENTRADAS 20/23 €
VENTA ANTICIPADA: GARUFA, UMMAGUMMA, BUTCHER SHOP, ROCKBOX
VENTA ONLINE WEGOW.COM

COORGANIZA

PATROCINA

COLABORA

ATLÁNTICA GADIS CAEIRO

2022

ELAS
SON
ARTISTAS

BLUES DO PAIS

+ PINTURA MURAL EN DIRECTO DE LAURA ROMERO
MÚSICAS GALEGAS ILUSTRADAS

PRAZA DE AZCÁRRAGA. A CORUÑA. MÉRCORES 13 DE XULLO. 20:30. ACCESO LIBRE

PATROCINA E COLABORA

PATROCINAN

COLABORAN

GADIS CAEIRO



V CICLO METROPOLITANO
DE MÚSICA E ARTES
POLA IGUALDADE

BY WATER CALL

SALA MARDI GRAS. SOUL - CANADÁ
VERNES 16 SETEMBRO 22:00H, ANTICIPADA 12€ TAQUILLA 15€
SOCI@S REPÚBLICA MARDI GRAS 10€ RESERVAS WEB MARDI GRAS



PATROCINAN

GADIS

CABEIRO

COLABORAN

Coca-Cola

W

MM

ESPERTO

W

V CICLO METROPOLITANO
DE MÚSICA E ARTES
POLA IGUALDADE

2022

ELAS
SON
ARTISTAS

FREEDONIA



TEATRO COLÓN, XOVES 29 SETEMBRO, 21:00
ENTRADAS [Ataquilla.com](https://ataquilla.com) DENDE 13€ + GASTOS

COLABORA



Ayuntamiento de F. Corallo
Concello de Corallo

PATROCINAN



COLABORAN



V CICLO METROPOLITANO
DE MÚSICA E ARTES
POLA IGUALDADE

2022

ELAS
SON
ARTISTAS

THE RIVEN

SALA MARDI GRAS, SÁBADO 23 ABRIL, 22:30 APERTURA 23:00 CONCIERTO
ENTRADAS 12€ EN ENTRADIUM, ROCK BOX E CREEDENCE ROCK



PATROCINAN



COLABORAN



Participación na Feira #DiscosdoNoroeste. Mercado de San Agustín

No mes de agosto, coincidindo coa celebración do Festival Noroeste, celebrouse na segunda planta do Mercado de San Agustín a Feira #DiscosdoNoroeste organizada pola Asociación Cultural Nonito Pereira. A República participou cun stand informativo das nosas actividades e atendido por voluntarias. Ofrecíase a oportunidade de vender artigos das persoas artistas que atendían o stand.



MERCADO DE DISCOS DO NOROESTE

VENTA DE DISCOS, ENTREVISTAS & PRESENTACIONES, EXPOSICIONES, BAILE SOCIAL, DJ SOUNDSYSTEM, SORTEOS & BAR!

12, 13 Y 14 AGOSTO 2022 - MERCADO MUNICIPAL DE SAN AGUSTÍN, A CORUÑA.

VIERNES 12
17:00 - 20:00

SÁBADO 13
11:00 - 20:00

DOMINGO 14
11:00 - 18:00

Logos: Ayuntamiento de A Coruña, Concello da Coruña, Estrella Galicia, HOPPERS, Festival Noroeste.



A artista Silvia Penide foi unha das voluntarias que estivo colaborando no noso stand.



Organización de autobús ao concerto de MUSE en Vigo

Entre os obxectivos da asociación tamén está o de facilitar a asistencia a concertos que se celebren noutras localidades e que teñan unha importante capacidade de convocatoria.

Foi así o caso do concerto de MUSE en Vigo o 8 de setembro de 2022. O bus fletado foi completamente cheo e houbo xente que quedou en lista de agarda.



Foto de todas as persoas que viaxaron no autobús da empresa Travidí.

O cartaz para anunciar o concerto foi realizado de forma non remunerada pola socia Raquel Alonso.

The background of the poster is a vibrant cosmic nebula with swirling clouds of blue, green, and red gas against a dark space filled with stars.

MUSE

8/9/22 ESTADIO BALAÍDOS VIGO
BUS DESDE CORUÑA SALIDA 17:30
PRECIO 16 € ENTRADA NO INCLUIDA
SOCI@S REPÚBLICA MUSICAL MARDI GRAS 12 €

INSCRIPCIÓN E INFO: acrepublikamardigras@gmail.com



Organización da Feira da Música Coruñesa no Garufa Club

O domingo 20 de novembro organizamos unha Feira da Música Coruñesa co obxectivo de que os artistas locais, selos, asociacións, tendas de instrumentos... tivesen un tempo de calidade para charlar entre eles, aprender, buscar sinerxias e vender o seu merchandising para o público asistente. Fíxose unha convocatoria pública aberta a todo o mundo sen requirir a pertenza á asociación.

**FEIRA
DA MÚSICA
CORUÑESA**

Domingo 20 novembro de 12:00 a 15:00 e de 18:00 a 21:00 no GARUFA CLUB

República Musical Mardi Gras convida a solistas, bandas, selos, asociacións e produtoras da Coruña e arredores a ter un posto na Feira da Música Coruñesa no **Garufa Club**.


É totalmente gratis, non é preciso pertencer á **República Musical Mardi Gras**.

+ info e inscricións:
acrepublikamardigras@gmail.com

 Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Unha vez que se cumpliu o obxectivo de ter máis de 20 proxectos inscritos, fíxose xa unha promoción do evento en redes e por medio de nota de prensa para dar a coñecer a iniciativa.

Os medios de comunicación fixéronse eco da nova e tamén enviaron a redactores e fotógrafos para informar do evento.



O día do evento todo transcurriu nun gran ambiente de camaradería e gañas de compartir todo o relacionado co que nos une: a música.

<https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2022/11/21/jornada-musica-musica-celebrar-union-78843128.html>



Imaxe publicada por La Opinión do evento do Garufa Club





Actividades formativas. MasterClasses.

A formación é outro dos aspectos que consideramos importantes dende a asociación para que tanto as persoas socias como outras que desexen participar podan facelo. Neste caso, o ciclo formativo realizase coa colaboración económica do Concello da Coruña, da Área de Cultura.

O sistema de elección das tres formacións que se impartiron en sesións de dúas horas de duración os sábados pola mañá na Sala Mardi Gras foi a través dunha enquisa enviada a través dun sinxelo formulario para persoas socias.

Foron estas tres as que se seleccionaron:

- Técnica vocal e coidado da voz. Impartida por Paula Rey
- Baixo eléctrico. Impartida por Alejandro Masafret
- Configuración equipo de son, backline, e mantemento do material. Impartida polo persoal da tenda RockBox Overdrive Shop.

#CoruñaRepúblicaMusical MASTERCLASSES

PAULA REY

Técnica vocal
e coidado da voz

Sábado 3 decembro

**ALEJANDRO
MASAFRET**

Baixo eléctrico

Sábado 10 decembro

ROCK BOX

Configuración
equipo de son,
backline e
mantemento do
material

Sábado 17 decembro

Sala Mardi Gras. Horario de 12 a 14 horas Prezo 10€ cada unha. Soci@s
sen custe Prazas limitadas.

Inscripcións: acrepublikamardigras@gmail.com

ORGANIZA COLABORA



Compartimos imaxes das diversas sesións formativas por orde cronolóxica

Sábado 3. Paula Rey.



Sábado 10. Alejandro Masafret



Sábado 17. RockBox Overdrive. Fran e Andy.



Xestión de Redes sociais e Grupos de difusión, pegatinas...

Durante o 2022 continuamos tentando manter vivas as redes sociais da asociación, en concreto Facebook e Instagram. Nas mesmas, ademáis da información propia das actividades da República tentamos tamén informar sobre actividades que nos envían as persoas socias, colaboracións que nos propoñen dende establecementos de persoas socias e información de concertos que se celebran na cidade. É un traballo voluntario e polo tanto o ritmo non é altísimo.

Tamén se realiza un traballo voluntario de envío de información puntual a través de correo electrónico como de grupo de Difusión de Whatsapp para que a información flua axiña cara todas as persoas da asociación.

Por último neste apartado, fixéronse 1000 pegatinas como elemento promocional da asociación, con este modelo que ves a continuación.



Adquisición de “backline” para concertos e eventos

A Deputación da Coruña convoca anualmente unhas subvencións para que as asociacións da provincia realicen investimentos de material que lles sexan de utilidade para realizar as actividades que son obxectivos segundo os seus estatutos.

No caso da nosa asociación recibimos en 2021 por primeira vez unha subvención que permitiu adquirir os seguintes bens:

- 1 Batería musical TAMA SUPERSTAR CL 5PC SHELL KIT + HW CK50R+H-DRP
- 3 Micrófonos SHURE SM58 LC
- 3 Soportes micrófono OQAN SOPORTE JIRAFa MICRO AMS12
- 2 Cables SOMMER MIC 10m XLR-XLR THE STAGE
- 1 Set de funda de batería TAMA SET FUNDAS BATERIA 22,16,12,10+14 DSS52K
- 1 Amplificador de guitarra eléctrica V&R FENDER SUPERSONIC 22 HEAD
- 1 KLOTZCABLES GRG1FM10.0 XLR MACHO/HEMBRA





Este material está dispoñible para o uso das persoas socias con so solicitalo por correo electrónico indicando a data ou datas e a actividade para a que se vai utilizar.

En 2022 recibimos outra subvención. Enviouse un formulario para solicitar opinións sobre as compras máis axeitadas que se podían facer.

Están xa pedidos ou mercados xa os seguintes elementos:

1 .- Bafle autoamplificado e con batería de 4 horas de autonomía de 15" e dous micrófonos inalámbricos. Audibax Denver 15" (tamaño grande). Pódese conectar outro micrófono e tamén un instrumento, ademáis de funcionar por Bluetooth ou cunha tarxeta de memoria Sd ou pendrive para poñer música. Ten rodas e asa.



2.- Bafle autoamplificado e con batería de tamaño pequeno, modelo 8" da marca Ibiza Sound



3.- Dos sistema de In Ears.

4.- 4 D.I. pasivas para conectar teclados o guitarras acústicas

5.- Una mesa de mezclas Numark pequena para poder usar en fiestas o eventos de dj. No para directos

6.- Un pie de teclado

7.- Un amplificador de bajo. Fender Rumble 200 V3

8.- Un micrófono inalámbrico. Shure BLX24R/Beta58

9.- 2 pies para bafle Audibax

Insistimos que en breve tendremos todo ese material y estará disponible para cualquier persona de la asociación que lo solicite con un fin justificado por email.

A República nos Medios de comunicación

A asociación envía notas de prensa coas suas actividades aos medios de comunicación locais.

O número de publicacións descendeu con respecto a anos anteriores, o que dalgún xeito é normal xa que o foco dos Medios descendeu un tanto sobre o referido a música despois da finalización da pandemia na que se estaba máis pendente de todo o que sucedía no sector. Aínda así, puidemos recoller as novas que se publicaron durante 2022.

<https://21noticias.com/2022/08/la-asociacion-cultural-mardi-gras-organiza-un-bus-al-concierto-de-muse-en-vigo-desde-a-coruna-y-compostela/>

<https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2022/08/24/asociacion-mardi-gras-fleta-bus-73806816.html>

<https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2022/11/19/sellos-independientes-musicos-locales-musculo-78775891.html>

<https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2022/11/21/jornada-musica-musica-celebrar-union-78843128.html>

<https://www.coruna.gal/informacionxjuvenil/gl/convocatorias/cursos/detalle-cursos/masterclases-da-a-c-republica-musical-mardi-gras/suceso/1453820704519>

Tentaremos engadir algunha nova máis que non localizamos a día de hoxe e incorporala.

MEMORIA FINALIZADA A 6 01 2023

Grazas pola túa atención!